

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE SANTIAGO

Con estupor asistimos a unha nova e cruenta mostra do propósito básico do terrorismo: sementar o medo e o terror na sociedade para condicionar as nosas vidas cotiás e coaccionar o libre exercicio das liberdades democráticas.

O calculado obxectivo dos terroristas é, como vimos nos salvaxes e brutais atentados de Nova York e Madrid, desencadear unha matanza de cidadáns pacíficos e anónimos, alterando brutalmente a convivencia cidadán. E así, Londres, que celebraba festivamente a súa designación como futura sede dos Xogos Olímpicos no 2012, merecidamente acadada en competicións con outras cidades como Madrid, vese agora triste e dolorosamente irmandada coa capital española na dor e na traxedia.

Mais vese tamén irmandada con Madrid e con Nova York na enteireza e serenidade cidadá, os máis sólidos piares na reconstrución da normalidade. E así vemos hoxe como os cidadáns londinienses retoman as súas actividades, o seu traballo e as súas vidas como mellor resposta ao reto da intolerancia, ao desafío das estratexias do odio e da morte.

A cidade de Londres, cunha férrea tradición na enteireza, forxada nos cruentos bombardeos que padecera na II Guerra Mundial, é tamén un dos mellores exemplos de convivencia e de integración de etnias e culturas de todas partes do mundo. Millóns de inmigrantes atoparon a súa oportunidade nesta cidade universal e acolledora que non alzou barreiras nin fronteiras e que, de seguro, non as alzaría agora discriminando os autores dos atentados, pequenos grupos radicais, da maioría da poboación, que independentemente da súa relixión ou crenzas, busca a convivencia pacífica e o mutuo respecto.

Sabemos que os asasinados desoirán unha vez máis a esixencia cidadán de que cese definitivamente a violencia das armas, os asasinatos a sangue frío, o inocente sangue derramado, a dor de orfos e viúvas. Pero nós somos moi conscientes de que nin as armas, nin as súas terribles aliadas, a dor, o terror, o horror, someterán as ideas libres nin coartarán indefinidamente a liberdade dos homes e mulleres de ben.

Reunímonos hoxe para demostrar, unha vez máis, que unha minoría sen escrúpulos non imporá pola forza, con asasinatos, coaccionando, sementando o medo, a súa vontade fascista a todo un pobo que quere a paz.

Reiteramos a imperiosa necesidade de reforzar a unidade de todos os demócratas para que, sen fisuras, sexamos capaces de impedir novos horrores.

E expresamos sobre todo a nosa dolorosa consternación, o noso máis solidario e firme afecto con todos os familiares, os amigos, os compañeiros dos asasinados e dos feridos, e de todos os londinienses aos que queremos trasladar a aberta fraternal desta cidade de Compostela.

Santiago de Compostela, 8 de xullo de 2005

D. Luis Toxo Ramallo
Voceiro do PSdeG-PSOE

D. Néstor Rego Candamil
Voceiro do BNG

D. Dositeo Rodríguez Rodríguez
Voceiro do PP